



Expediente núm.: BS103E 2019/000083-0

DATOS XERAIS OU DE IDENTIFICACIÓN

Denominación do programa: PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR O CANEIRO DE REDONDO	
Enderezo do programa: RÚA CALZADA DAS GÁNDARAS 374 - BAIXO	
Concello do centro/programa:	Provincia do centro/programa:
Núm. de identificación do programa: E-6997-P-1	Teléf.: 982221238 Fax: - E-mail: tecnico@ocaneiro.com Enderezo web: -
Tipoloxía: AXUDA NO FOGAR	
Área de actuación: COMUNIDADE	
Entidade da que depende: O CANEIRO DE REDONDO SL	CIF/NIF: B27506765
Enderezo: CALZADA DAS GANDARAS 374 BAJO	
Concello: LUGO	C.P.: 27003
Provincia: LUGO	Teléf.: 638593695 Fax:

Con data 23 de decembro de 2019 a secretaria xeral técnica ditou a seguinte resolución:

“RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADES DE SERVICIO COMPLEMENTARIO

ANTECEDENTES

1.- O programa de servizos sociais PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR O CANEIRO DE REDONDO conta con autorización de inicio de actividades de data 26/08/2019.

2.- Con data 11/11/2019 a entidade O CANEIRO DE REDONDO SL presenta unha solicitude de autorización de inicio de actividades do servizo complementario de ASISTENTE PERSOAL no programa de servizos sociais de referencia.

No expediente consta a documentación esixida no artigo 27 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

3.- De acordo co establecido no artigo 32.3 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, con data 20/12/2019 emítase o informe de inspección favorable sobre o cumprimento da normativa específica aplicable á tipoloxía do servizo complementario de que se trata.

FUNDAMENTOS DE DEREITO





Expediente núm.: BS103E 2019/000083-0

1.- Este centro directivo é competente para resolver o procedemento en virtude do establecido no artigo 2 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, así como no Decreto 88/2018 do 26 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

2.- O artigo 20 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, establece que o réxime de autorización e os procedementos para a súa concesión resultan aplicables a todas as entidades prestadoras de servizos sociais, tanto públicas como privadas. Así mesmo, o artigo 68 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e o artigo 21 do devandito decreto precisan que o inicio de actividades de servizos complementarios requirirán autorización administrativa con carácter previo á súa realización.

3.- O artigo 32.3 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, establece que na fase de instrución dos procedementos de autorización solicitarase a emisión dos correspondentes informes técnicos e de inspección necesarios para o aseguramento do cumprimento da normativa específica aplicable á tipoloxía do centro ou programa de que se trate.

Visto o informe de inspección, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais normativa de carácter xeral aplicable, e dado que a documentación presentada cumpre coa normativa vixente na materia, esta subdirección xeral PROPÓN a adopción da seguinte:

RESOLUCIÓN

1.- Autorizar o inicio de actividades do servizo complementario DE ASISTENTE PERSOAL no programa de servizos sociais PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR O CANEIRO DE REDONDO situado en Calzada das Gándaras 374 baixo, concello de Lugo, que se iniciou a instancia da entidade O CANEIRO DE REDONDO SL, coas seguintes características:

Área de actuación:	comunidade
Tipoloxía:	servizo asistente persoal
Persoas usuarias:	con dependencia

A prestación deste servizo queda condicionada ao mantemento da actividade normal do programa e non suporá en ningún caso a superación dos límites de rateos e persoal establecidos.

2.- Esta autorización outórgase sen prexuízo da obtención pola entidade titular do centro doutras licenzas ou autorizacións que sexan preceptivas para o desenvolvemento da actividade, así como da presentación pola mesma das preceptivas declaracións responsables e/ou comunicacións previas.

Notifíquese a presente resolución coa indicación de que non pon fin á vía administrativa. Contra a mesma pódese interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira de Política Social, no prazo dun mes que conta a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o que se establece no artigo 122 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2019. O Subdirector Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais. Fernando González Abeijón.





Expediente núm.: BS103E 2019/000083-0

Vista a anterior proposta de resolución, este centro directivo ACORDA darlle a súa aprobación nos seus propios termos. Santiago de Compostela, A Secretaria xeral técnica.Mª Francisca Gómez Santos.”

Mediante este documento notifícase esta resolución consonte ao esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Informámoslle de que as actuacións administrativas neste expediente seranlle notificadas na aplicación "NOTIFICA" da sede electrónica da Xunta de Galicia, á que segundo o establecido no artigo 43 da mesma lei, deberá acceder no prazo de dez días naturais desde a súa posta a disposición, de non facelo entenderanse rexeitadas, continuando o procedemento coma se fosen notificadas. Achégaselle as normas de funcionamento visadas por este centro directivo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital da presente notificación
O Subdirector Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais

Fernando González Abeijón

O CANEIRO DE REDONDO SL
CALZADA DAS GANDARAS 374 BAJO
27003 LUGO

